





Este proxecto aborda algunhas das obras para violoncello e piano escritas nas primeiras décadas do século XX tomando como punto de partida as achegas do compositor Andrés Gaos Berea e contextualizándoas con outras obras escritas por catro compositores de Francia, Reino Unido, Hungría e España respectivamente ao longo do primeiros vinte anos deste século.

Andrés Gaos (1874-1959) foi un violinista, compositor e pedagogo nado na Coruña e afincado en Buenos Aires durante boa parte da súa vida. Escribiu dúas obras para cello e piano. *Humoresque*, que data de 1905, é unha peza alegre e desenfadada que nos lembra vagamente á primeira das 5 pezas populares de Schumann (*Mit Humor*). A obra foi dedicada a Charles Marchal, profesor de violoncello e colega de Gaos no Conservatorio Alberto Williams de Buenos Aires. *Chant élégiac*, data de 1917 e foi dedicada ao cellista universal Pau Casals. De carácter profundamente romántico, ten reminiscencias impresionistas e harmonías que nos lembran levemente á música de Fauré. O compositor inglés Frank Bridge (1879-1941) compuxo as súas 4 pezas para cello e piano entre 1901 e 1910 de modo independente. Trátase de pezas curtas e de carácter tranquilo e sereno. *Berceuse* data de 1901, *Serenade* é de 1903, *Élégie* de 1904 e *Cradle Song* está datada en 1910. Nadia Boulanger (1887-1979), considerada por moitos como “a mellor pedagoga musical que xamais existiu”, escribiu as súas 3 pezas para cello e piano en 1914. A primeira delas, *Moderé* evoca unha atmosfera transparente e de carácter impresionista. A segunda, *Sans vitesse, et á l’aise*, rememora a música modal e nos retrotrae a un ambiente de inspiración medieval. A máis brillante é quizais a terceira e última, *Vite et nerveusement rythmé*, chea de xiros humorísticos e cun carácter irónico e mordaz. Zoltan Kodaly (1882-1967) compuxo o *Adagio* para violín e piano en 1905 e dedicoulle esta obra ao excepcional violinista Imre Waldbauer. En 1910 o compositor publicou as versións para viola e cello. É esta unha peza profundamente expresiva, aínda que neste caso a expresión é íntima e reflexiva, sen a énfase nos xiros rítmicos propios da música húngara que atopamos noutras obras deste compositor. Enrique Granados (1867-1916) escribiu 3 pezas para cello e piano: *Trova*, *Madrigal* e *Danza Andaluza*, aínda que probablemente a transcripción do *Intermezzo* da ópera *Goyescas* realizada por Gaspar Cassadó en 1923 é a súa peza máis popular hoxe en día entre os cellistas. Trátase dunha adaptación perfectamente adecuada ao rexistro do cello e na que o cello se exhibe en todo o seu potencial tímbrico



O VIOLONCELLO EN TEMPOS DE GAOS

Carolina Landriscini (violoncello)

Catedrática de violoncello no Conservatorio Superior de Música da Coruña, Carolina desenvolve actualmente a súa carreira profesional en Galicia. A súa traxectoria como intérprete vén avalada por numerosos recitais en festivais como a Quincena Musical de San Sebastián, Festival Vía Stellae, Festival de Segovia, Martes Musicais de Vitoria, e auditorios como a Sociedade Filarmónica de Bilbao, Fundación Juan March ou Centro Conde Duque de Madrid. Recentemente gravou o CD para cello e piano “O violoncelo en tempos de Gaos” sendo esta a primeira gravación da obra do compositor para esta formación. Formouse con Xavier Gagnepain no Conservatorio de Boulogne-Billancourt (Francia) e con Janos Starker na Universidade de Indiana (EEUU). Doutora pola Universidade da Coruña coa tese “Achegas de David Popper no ensino do violoncelo”, impartiu clases maxistras na ESMAE do Porto, a Escola Superior de Música de Lisboa, o Conservatorio de Música Santa Cecilia de Roma ou a Academia de Música de Cracovia e forma parte do equipo de profesores do Curso Fagamos Música desde 2016. Desde a Asociación de Violonchelistas de Galicia desenvolve unha intensa tarefa de divulgación do seu instrumento e forma parte do conxunto Soncello Ensemble, conxunto co que gravou dous CDs, “Soncello Ensemble” e “Cancións Galegas”.



O VIOLONCELLO EN TEMPOS DE GAOS

Fco-Damián Hernández (piano)

Definido como "Excellent pianist" e "Perfect Collaborator" por The Strad e The Clarinet respectivamente, é un pianista de gran versatilidade que compaxina a súa faceta como solista, coa de repertorista e coa música de cámara. Formado con Albert Attenelle e Imre Rohmann, obtivo o primeiro premio na 10ª Mostra de Música Jove de Barcelona e o segundo posto no 7º Concurso Infanta Cristina de Madrid. Publicou cinco CD xunto a Carlos Casadó, Luís Muñiz e Carolina Landriscini respectivamente. Tocou con Nancy Zhou, Jesús Reina, Kyoungmin Park, Rafael Rosenfeld, Norbert Anger, Johannes Krebs etc. Actuou como solista coas Orquestras Sinfónicas de Venstpils, León, Xixón, Oviedo Filharmonía, Orquestra do festival de Gaia-Porto, Nova orquestra leonesa, interpretando os concertos de Grieg, Scriabin, Mozart nº 27, Chopin nº 1, Brahms nº 2, Rachmaninoff nº 2 e "Emperador" de Beethoven. Exerce ou exerceu como pianista para as Fundacións Princesa de Asturias e Botín, Universidade de Oviedo, Fundación CelloLeón-Universidade de León, Conservatorio Superior de Oviedo e Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo de Porto.

ZARPA / MUSIC

management

www.zarpamusic.com

E-mail: zarpa@zarpamusic.com

Móvil/WhatsApp: 689540876

